



BANDO

25 de xullo, día da Patria Galega.

Veciñas e veciños.

O 25 de xullo, día da Patria Galega, é un motivo de especial celebración que vai máis alá do simbólico e adquire as tonalidades propias dun acto reivindicativo, dunha efeméride social que quero compartir con todas e todos vos; convidando a todo o pobo nevés a amosar o orgullo de pertencer a un País que busca con decisión o seu futuro.

A xustiza social e a igualdade de oportunidades para todas e todos -coa implementación de instrumentos de democracia participativa que permitan á toda a sociedade implicarse na xestión do Público-, son obxectivos que nos farán medrar e permitirán afirmar que contamos cunha Galiza Viva. Con mulleres e homes libres.

Galiza é unha fermosa obra colectiva que precisa do esforzo de todas e todos nós.

Viva o 25 de Xullo.

Viva Galiza.

Xose Manuel Rodríguez Méndez

Alcalde Concello As Neves

Concello das Neves

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: asneves@fegamp.gal